



## 8.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU PRIVATIVO DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL (SOLO, VOO OU SUBSOLO)

### *Artigo 1. Fundamento e réxime*

Á vista das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, así como do artigo 106 da Lei de bases de réxime local. De conformidade co disposto no artigo 20.1. A) e 20.3.e) e o alcance establecido no artigo 24 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba, o texto refundido da Lei das facendas Locais, establécese a taxa pola utilización privativa e polo aproveitamento especial do dominio público municipal (solo, voo ou subsolo).

### *Artigo 2. Feito imponible*

Constitúe o feito imponible deste tributo local a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local (solo, voo e subsolo).

Considérase como dominio público local todos os bens de uso ou servizo público así como os comunais exceptuándose unicamente os bens patrimoniais. Quedan comprendidas igualmente dentro desta catalogación de bens de dominio público as vías públicas considerando como tales o aproveitamento, subaproveitamento e voo das rúas, prazas, camiños municipais e demais espazos coa consideración de vías públicas por parte das empresas subministradoras, explotadoras ou comercializadoras de servizos de interese xeral.

### *Artigo 3.- Debeño.*

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace:

**a.** Para concesións de novos aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local, no momento de solicitar a correspondente licenza ou aínda carecendo dela, no momento da autorización ou concesión administrativa por quen proceda.

**b.** Para concesións de aproveitamento ou utilizacións privativas xa autorizadas, aínda que non conten con licenza municipal, e sen prexuízo da súa regularización polo suxeito pasivo ou titular da actividade, o día primeiro do exercicio natural.



#### ***Artigo 4. Suxeitos pasivos***

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor de quen se outorguen as licenzas ou quen se beneficie do aproveitamento se se procedeu sen a oportuna autorización.

E tamén están obrigados ao pagamento desta Taxa, cos requisitos e formalidades que se establecen, as persoas físicas e xurídicas a cuxo favor se expediron as preceptivas licenzas ou autorizacións para a prestación de tales servizos de subministro con vocación de xeneralidade, ou os que efectivamente os presten, se se estableceron sen autorización. No seu caso, xunto coas empresas titulares e explotadoras, quedan tamén obrigadas ao pagamento da taxa as empresas distribuidoras, e as empresas comercializadoras dos subministros e servizos. Este réxime especial de cuantificación, aplicarase sempre, tanto se se trata de empresas titulares das redes de prestación do subministro, como se se trata de empresas con dereitos de uso, interconexión, ou calquera título de acceso ás mesmas, sexa en nome propio ou por conta de terceiro. Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación as empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil.

As taxas reguladas nesta ordenanza son compatibles co Imposto de Construcións, Instalacións e obras ou outros tributos que poda establecer este concello no exercicio das súas competencias locais.

#### ***Artigo 5. Responsables***

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza tódalas persoas causantes ou colaboradoras na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.
2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición e responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participación das obrigas tributarias de devanditas entidades.
3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas,



consentirán no incumprimento por quen dependan delas ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia o mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias “devengadas” con anterioridade a ditas situacións e que lle sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.

#### ***Artigo 6. Base impoñible e liquidable***

A base impoñible estará constituída por:

a) Cando se trate de aproveitamentos constituídos a favor de servizos de subministrados que afecten ao interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza: ingresos brutos da facturación que obteñan no término municipal estas empresas.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por esta como contraprestación polos servizos prestados en cada término municipal.

b) Nos demais casos: estará constituída por los metros lineais de cables, tubos ou canalizacións que se instalen no subsolo.

#### ***Artigo 7.Cota tributaria***

**Cota 1.** Aproveitamentos constituídos en favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza, o 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no municipio.

**Cota 2.** Nos demais casos:

a) tubos para calquera finalidade ou mangueiras (hm)	20,58 €
b) cables para calquera finalidade (hm)	20,58 €
c) depósitos ou tanques con calquera finalidade	25,42 €
d) transformadores subterráneos arquetas (m3)	71,82 €



## Fianza

\* Constituirase unha fianza polo importe de 30,87 €/metro lineal para garantir reposición de pavimentos nas obras que se executen ao abeiro das tarifas recollidas nesta ordenanza.

### ***Artigo 8.- Exclusionés.***

Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros, que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de cuantificación da taxa. Tampouco se incluírán entre os ingresos brutos procedentes da facturación as cantidades percibidas por aqueles servizos de subministro que vaian a ser utilizados naquelas instalacións que se atopen inscritas na Sección 1 2 do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica do Ministerio de Economía. Deduciranse igualmente dos ingresos brutos as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión as súas redes cando as empresas subministradoras se vallan de redes alleas.

### ***Artigo 9.- Xestión.***

**a)** As Compañías suxeitas e non exentas (explotadoras, suministradores, comercializadoras) de subministros e servizos á xeneralidade da poboación ou con vocación de xeneralidade, con independencia de que sexan titulares da rede ou que dispoñan dun dereito a usala, ou cando se trate de supostos de interese xeral, entre os que se entenderán sempre os servizos de subministro enerxético e os de comunicacións, estarán obrigadas a tributar por esta taxa.

A base impoñible da taxa de identificar por declaración-liquidación das empresas subministradoras, que quedan obrigadas a presentar declaración trimestral, no mes seguinte a cada trimestre natural, (xaneiro, abril, xullo e outubro) dos ingresos brutos por facturación habida en cada trimestre natural. A estes efectos, acompañaranse as listaxes da facturación acompañados dunha copia dos rexistros contables e fiscais que garanten a veracidade da información. Entenderase por ingresos brutos de facturación os obtidos pola prestación do subministro dentro do término municipal, con detalle dos impostos indirectos que gravan tales ingresos brutos e das cantidades pagadas a outras empresas (titulares da rede ou de dereitos de uso cedidos) por dereito uso, acceso ou interconexión coa rede de subministro.

**b)** No resto dos casos: os interesados presentarán as instancias xunto cos exemplares do proxecto coa autoliquidación provisional da taxa, que deberá ser



satisfeita na Recadación municipal, e deberá achegar necesariamente, o xustificante do pagamento ao momento da posterior presentación da instancia ante o Rexistro xeral da corporación.

#### ***Artigo 10.- Pagamento.***

a) **Para a Cota 1:** O ingreso da cota devengada en período voluntario de cobranza, por tratarse de liquidación declaración, debería acompañarse á declaración da facturación, no mes seguinte a cada trimestre natural.

b) **Para a Cota 2:** no momento da solicitude.

#### ***Artigo 11. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables***

De conformidade co artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, non se recoñece ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de lei.

O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigados ao pagamento das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por tódolos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

#### ***Artigo 12. Infraccións e sancións tributarias***

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

#### ***Disposicións finais***

***Primeira.*** O non previsto especificamente nesta ordenanza estarase ao disposto na Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeral tributaria, nos regulamentos de recadación e inspección e na demais normativa de aplicación.

***Segunda.*** A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no BOP, comezando a rexer o 1 de xaneiro de 2017. Permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



---

**- Aprobación provisional:**

**-- sesión do Pleno: 29/09/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 230 do 05/10/2016**

**\* Diario "La Región" do 01/10/2016**

**- Aprobación definitiva:**

**-- nova redacción por unificación das Ordenanzas fiscais nº 8 e 28  
(quedando esta derogada).**

**-- sesión do Pleno: 01/12/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 283 do 12/12/2016**

**\* Diario "La Región" do 12/12/2016**

**-- entrada en vigor: 01/01/2017**